



Concello de A Mezquita

BANDO

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na orde do 08 de agosto de 2025 establece as bases reguladoras das **axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución clases A2 e B á mocidade galega**, e procede a súa convocatoria para o ano 2025. DOG. Nº 157 do 19 de agosto de 2025) BS321A

Contía da axuda

- 400€ para obtención do permiso de condución clase B
- 150€ para o permiso de clase A2

O importe da axuda será acumulativo no caso de que unha mesma persoa solicite axuda para a obtención dos dous permisos.

PERSOAS DESTINATARIAS E REQUISITOS

Persoas mozas que cumpran os seguintes requisitos na data de presentación da solicitude:

- Ter feitos os 18 anos de idade e non ter feitos os 31
- Estar empadroados na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- Non estar traballando por conta propia nin allea
- Ter aprobado o/os permiso/s de conducir para o/os cales se solicita esta axuda con data de expedición entre o 1 de outubro de 2024 e a data de presentación da solicitude.
- Que a suma dos ingresos anuais dos membros da unidade familiar sexa igual ou inferior a 5 veces o IPREM de 2025, no seu cómputo anual, incluíndo 2 pagas extras.

LUGAR E DATA DE PRESENTACIÓN.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O prazo estará aberto dende o **25 de agosto ás 09:00 horas ata o día 25 de setembro de 2025, ás 20:00 horas** ou ata esgotamento do crédito orzamentario dispoñible.

En A Mezquita, a 1 de setembro de 2025.

O ALCALDE,
Asdo: Rafael Pérez Vázquez
(asinado dixitalmente na marxe)

